

FORUM METROPOLITANO

SALA MARILYN MONROE LGTBQI OUTRAS MIRADAS

1, 2 e 3 de xuño

THE GOOD SON



Dirección: Shirley Berkovitz
Documental, Israel, 2013 - 52 min
(V.O. en hebreo subtitulada en castelán)
NON RECOMENDADA MENORES DE 12 ANOS
Formato: Bluray

Que pasa pola cabeza dun mozo que decide cumprir o seu soño a calquera prezo? Onde está o límite entre a realización persoal e a fidelidade e honestidade cara á túa familia? Unímonos á increíble historia de Or, un mozo de 22 anos que, mentíndolles aos seus conservadores pais, decide seguir adiante a calquera prezo. Un retrato apaixonante sobre o medo, a dúbida, a importancia da familia e a forza de vontade de ser un mesmo.

* Venres 2 de xuño, charla-coloquio con **André Portela**.

8, 9 e 10 de xuño

KUCHU

Dirección: Katherine Fairfax - **Documental**
Estados Unidos, 2012 - 87 min
(V.O. en inglés e ganda subtitulada en castelán)
APTA PARA TODOS OS PÚBLICOS
Formato: Bluray

“Kuchu” é o termo popular con que é denominado o colectivo lésbico, gai, bisexual e transexual en Uganda. Un colectivo perseguido social, cultural e xudicialmente. A ameaza dunha nova “Lei contra a homosexualidade”, que establece penas de prisión e ata de morte para homosexuais e seropositivos, converte os líderes locais e activistas en emblemas internacionais da loita contra a violación dos dereitos humanos. David Kato, o primeiro home en Uganda abertamente gai, é un dos poucos que se atreven a protestar publicamente contra as sancións homófobas do Estado. David loita, xunto cos seus compañeiros activistas, para cambiar o destino dos Kuchus en África, pois como di o propio David “se nos seguimos escondendo, dirán que non estamos aquí”.

* Viernes 9 de junio, charla-coloquio.

POR MOTIVO DAS CHARLAS COLOQUIO DOS VENRES SUSPENDERANSE AS PROXECCIONS DAS 22:45 H DURANTE TODO O CICLO

HORARIOS: xoves 20.15 h; venres 20.15 h e sábado ás 17.15 e 20.15 h.

ENTRADAS: 3,00 €
(Carné xoven, +65 anos ou persoas desempregadas, 2,00 €)

SESIONS DO ESPECTADOR: sábados 17.15 h.

PRECIO ÚNICO: 1,50 €

ABONO 5 PELICULAS: 12,00 €

VENTA NA BILLETERÍA : media hora antes de cada pase (só se quedan entradas disponibles)

VENTA ANTICIPADA: na conserxería, de luns a venres de 9.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h; sábados de 10.00 a 13.00 h



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
> PRÓXIMA

15, 16 e 17 de xuño

INSIDE THE CHINESE CLOSET



Dirección: Sophia Luvarà - **Documental**
Países Baixos, 2015 - 72 min
(V.O. en inglés e chinés subtitulada en castelán)
Formato: Bluray

Nunha sociedade chinesa onde a homosexualidade é inaceptable, Andy e Cherry loitan para satisfacer as expectativas dos seus pais. Andy, un arquitecto de éxito que vive en Shangai, decide saír do armario. O seu pai, avergoñado e decepcionado, empúxao a casarse cunha muller para manter o honor familiar. Cherry, casada cun homosexual, necesita adoptar un neno para cumprir coas esixencias da súa nai e manter as aparencias sociais.

O esforzo de Andy e Cherry por ter unha vida plena a costa de finxir certos estereotipos culturais pon en evidencia o sistema de valores chinés. Desesperados pero incansables, a súa coraxe móstranos unha China moderna e nova, que busca o seu espazo de liberdade nunha sociedade marcadas polos fortes valores tradicionais.

* Venres 16 de xuño, charla-coloquio.

22, 23 e 24 de xuño

ANDER



Dirección: Roberto Castón
Intérpretes: Eriz Alberdi, Josean Bengoetxea
España, 2009 - 124 min
(V.O. en éuscara e castelano subtitulada en castelán)
NON RECOMENDADA MENORES DE 13 ANOS
Formato: DVD

Conta a historia dun baserritarra que se namora, para a súa propia sorpresa, dun inmigrante peruano que empeza a traballar no caserío familiar.

O director manexa unha serie de elementos que sitúan o filme no realismo social de forma moi natural, suprime a música, sitúa a narración no medio rural e imprímelle un ritmo lento ás escenas, o que lle permite incorporar a paisaxe e o correr do tempo, como un reflexo da forma de vida que viven os personaxes ao privilexiar situacións rutineiras: erguerse, bañarse, os almorzos nas frías madrugadas, cando aínda non hai luz diúrna, as horas do xantar...; o feito de que a película estea falada en dúas linguas, o éuscara e o español, engádelle credibilidade á narración. Outro acerto importante é que non recorre a estereotipos nin a códigos propios do homoerotismo, os personaxes principais poden pasar polos máis virís e masculinos da súa contorna, isto fai o relato menos predicible.

29, 30 de xuño e 1 de xullo

CAROL



Dirección: Todd Haynes
Intérpretes: Cate Blanchett, Rooney Mara
Estados Unidos, 2015 - 118 min
(V.O.S en castelán)
NON RECOMENDADA MENORES DE 12 ANOS
Formato: Bluray

Nova York, 1950. Dúas mulleres completamente diferentes, Therese, unha nova aspirante a fotógrafa que traballa nuns grandes almacéns, e Carol, unha muller madura atrapada nun matrimonio sen amor, viven un apaixonado romance que pronto abandona a inocencia do primeiro encontro.

Outra Carol, de apelido White, cerraba a extraordinaria 'Safe' (1995), a segunda longametraxe de Haynes, achegándose á cámara e balbucindo, chorosa, un conmovedor, perturbador quérrote. Era a Pantasma dos Nadaís Futuros desta Carol sofisticada e desafiante, capaz de sacrificalo todo por un frechazo? Ambas as Carol representan, en todo caso, o gran tema da filmografía de Haynes: que significa asumir a túa identidade cando esta contradí a presión codificada do sistema social?. Neste caso, reinterpretando a novela secreta de Patricia Highsmith para equilibrar o seu traballo sobre o punto de vista e ofrecernos un capítulo máis da súa revisionista historia do melodrama clásico.

Máis preto da súa magnífica serie 'Mildred Pierce' que da sirkiana 'Lonxe do ceo' (2002), as imaxes de 'Carol' adquiren unha beleza diáfana, tan transparente como opresiva. Apoiadas nas magníficas interpretacións de Blanchett e Mara, logran traspasar os muros do artificio social para acariñar o pescozo do amor verdadeiro.

SERGI SÁNCHEZ (Fotogramas *****)

* Venres 30 de xuño, charla-coloquio.